

PLAN
DE
CONVIVENCIA

CEIP SAN XOSÉ OBREIRO

2016 - 2017



ÍNDICE.

INTRODUCCIÓN E MARCO XURÍDICO

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS, PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

3.1 Actuacións

3.2 Medidas

3.3 Programas

4. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

4.1 Actuacións

4.2 Medidas

4.3 Programas

5. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

6.1 A comunidade educativa

6.1.1 Claustro de profesores

6.1.1.1 Dereitos e deberes do profesorado

6.1.1.2 Funcións

6.1.2 O Equipo Directivo

6.1.3 Órganos de coordinación docente

6.1.4 Equipo de actividades complementarias e extraescolares

6.1.5 Departamento de orientación

6.1.6 Alumnado

6.1.6.1 Dereitos e deberes do alumnado

6.1.6.2 Criterios de adscrición do alumnado

6.1.7 Pais e nais

6.1.7.1 Dereitos e deberes

6.1.8 O consello escolar

6.1.9 A comisión de convivencia

6.1.10 Persoal administrativo e de servizo

6.2. Organización de espazos

6.2.1 Aulas

6.2.2 Utilización das dependencias do centro en horario non lectivo

6.3 Organización dos tempos

6.3.1 Madrugadores.

6.3.2 Entradas, saídas e retirada do alumnado

6.3.2.1. Entradas

6.3.2.2 Saídas

6.3.2.3 Retirada de alumnado



6.3.3 Recreos

6.3.4 Aseos e hixiene

6.3.5 Edificio, instalacións e material extraescolar

6.3.6 Uso das telecomunicacións

6.3.7 Servizos complementarios

6.3.7.1 Transporte escolar

6.3.7.2 Comedor escolar e Madrugadores

6.3.8 Biblioteca

6.3.8.1 Persoal colaborador

6.3.8.2 Usuarios

6.3.8.3 Préstamos

6.3.8.3.1 Préstamos individuais

6.3.8.3.2 Préstamos para profesores e aulas

6.3.9 Actividades extraescolares

6.3.10 Accidentes escolares

Anexo Urgencias sanitarias e enfermidades crónicas

6.4 Asistencia e Absentismo escolar

6.4.1 Asistencia

6.4.2 Absentismo escolar

6.4.2.1 Protocolo de actuación

6.4.2.1.1 Actuacións de prevención

6.4.2.1.2 Actuacións de detección

6.4.2.1.3 Actuacións de intervención

6.4.2.1.4 Expediente de absentismo escolar

7. CONDUCTAS PREXUDICIAIS PARA AS NORMAS DE CONVIVENCIA

7.1 Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia

7.2 Conduas leves o contrarias á convivencia

7.3 Aula de convivencia inclusiva.

7.4 Programa de mediación

7.4.1 Selección das persoas mediadoras

7.4.2 Características da mediación escolar

8. NORMAS ESPECÍFICAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

**9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO,
COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS**

10. PROCESO DE SEGUIMENTO AVALIACIÓN E MELLORA

11. DIFUSIÓN Á COMUNIDADE

12. ANEXOS



INTRODUCCIÓN E MARCO XURÍDICO

Os artigos 120 e 124 da Lei orgánica 2/2006, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, establecen a autonomía dos centros na elaboración das súas normas de convivencia e das de organización e funcionamento.

O mesmo artigo 124 dispón que os centros educativos elaborarán un plan de convivencia no que se recollan todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, así como a concreción dos dereitos e deberes do alumnado e das medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento. Indícase en dito artigo estas normas son de obrigado cumprimento, e proponse que as medidas correctoras sexan proporcionadas ás faltas cometidas, con carácter educativo e recuperador, procurando a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

Por outra banda, o decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar indica que o proxecto educativo de cada centro incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. Tendo en conta ditos aspectos, elabórase o seguinte Plan de Convivencia, que está circunscrito ao seguinte marco xurídico:

- Lei 27/2005, de 30 de novembro (BOE 01-12-05), de fomento da educación e a cultura da paz.
- LOE 2/2006, de 3 de maio (BOE 04-05-06).
- Lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro (DOG 27-03-15), polo que se desenrola a lei 4/2011, de 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- LOMCE 8/2013, de 9 de decembro (BOE 10-12-13).

Por outra parte, ademáis da lexislación anterior, teranse moi en conta os distintos protocolos previstos pola Consellería de Cultura e Educación, especialmente os seguintes:

- Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.



1. ANÁLISE DA SITUACIÓN

A análise ou diagnóstico é o punto de partida para coñecer o estado da convivencia no noso centro e, se é o caso, a conflictividade detectada nel. Deberá recoller, cando menos, os seguintes puntos:

- a) Características do centro e do seu contorno.
- b) Aspectos da xestión e organización do centro que inflúen na convivencia.
- c) Estado das relacións e da participación na vida do centro por parte do profesorado, do alumnado, das familias e do persoal de administración e servizos e de atención educativa complementaria.
- d) Conflictividade detectada no centro, indicando o tipo e número de conflitos que se producen e os sectores implicados nestes.
- e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia.

Tendo en conta como é o noso centro poderíamos incluír un resumo de todos estes aspectos:

O CEIP San Xosé Obreiro está situado en Meicende, no concello de Arteixo. Esta localidade está ubicada no centro dunha grande área industrial que linda na súa maior parte coa cidade da Coruña. Instalacións industriais como a Refinería de Repsol, a nave industrial de Alcoa, a planta de residuos urbanos de Nostión e o polígono industrial de A Grela-Bens, causan un gran impacto medio-ambiental sobre a poboación.

Debido á súa situación xeográfica e aos aspectos anteriores Meicende adquiriu connotacións de barrio periférico. A mala planificación urbanística e a problemática medio ambiental reflíctese nas condicións dos seus habitantes e afecta de xeito importante á súa calidade de vida.

O nivel socio-económico do alumnado que acode ao centro é medio-baixo. O centro trata de axudar na medida das súas posibilidades proporcionando algún tipo de material ou contactando cos Servizos Sociais do Concello de Arteixo naqueles casos puntuais de familias que o necesitan.

Nos últimos cursos a matrícula oscila arredor dos 250 alumnos e alumnas. En canto á diversidade da procedencia do alumnado, neste centro atópase un número apreciable de alumnado de etnia xitana. Tamén hai que resaltar nesta diversidade a existencia de inmigrantes procedente de África (Marrocos e Senegal, principalmente), aínda que en número máis reducido.

O noso é un centro relativamente pequeno no que os problemas de convivencia non adoitan ser graves ou excesivamente importantes. Nas relacións entre o profesorado e o alumnado o máis perturbador é a existencia nalgúns niveis de alumnos que interrompen e/ou entorpecen as aulas. Entre os problemas máis importantes entre o alumnado poderíamos citar os insultos, con frecuencia cruéis ou claramente racistas, os empurróns ou ameazas de pelexas que adoitan quedar en tentativas. As familias e a ANPA manteñen en xeral unha relación cordial no centro con queixas e reclamacións ocasionais; non obstante, nos últimos anos vimos detectando un aumento da conflictividade con certas familias concretas que non aceptan de bo grado as normas de funcionamento do centro. Este tipo de actitudes afecta enormemente o rendemento do alumnado, por causarlles confusión ao recibir mensaxes contradictorias e ocasiona inquietude e malestar ao profesorado.



2. OBXETIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

Partindo da análise previa, tomando como base os principios establecidos pola Constitución Española e a Declaración dos Dereitos Humanos, fixaremos os seguintes obxetivos:

- Educar e convivir en igualdade de oportunidades, trato e sexo.
- Dotar ao profesorado, e en especial ao equipo directivo, das facultades para previr e corrixir as conductas contrarias as normas de convivencia.
- Lograr a corresponsabilidade das familias, titoras ou titores no mantemento da convivencia que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas, pupilos ou pupilas.
- Concienciar e sensibilizar a toda a comunidade educativa obre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.
- Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos para a prevención da violencia e a convivencia no centro.
- Fomentar os valores, actitudes e prácticas que favorezan a aceptación e cumprimento das normas e o respecto a diversidade, así como o fomento da igualdade de sexos.
- Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilzalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
- Facilitar a prevención, detección e eliminación de toda manifestación de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes de comportamentos xenófobos e racistas ou en relación á identidade de xénero.
- Facilitar a conciliación ou mediación para a resolución pacífica de conflitos.
- Adquirir as competencias básicas, sociais, cidadás e de autonomía e iniciativa persoal.
- Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia no centro.
- Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan a construción dunha comunidade educadora e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS, PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

Levaranse a cabo distintas actuacións a nivel organizativo, curricular e de coordinación de centro e de aula, así como a nivel de participación da comunidade educativa, de prevención de condutas contrarias as normas de convivencia e formativas da comunidade educativa.

A determinación das medidas que deben adoptarse para previr, detectar, mediar e resolver conflitos concretaranse no apartado seguinte. En todo caso, ademáis de ter en conta o marco legal vixente, de ser necesario procederase á aplicación do protocolo para a prevención, detección e o tratamento das situacións de acoso escolar e de identidade de xénero.



Por último, para promover a convivencia escolar, o centro seguirá a participar nos distintos programas para a prevención e detección de conflitos, tales como o Plan Director, os convocados polos departamentos do Concello e calquera outro que se considere necesario pola Comisión de Convivencia.

3. CONCRECCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS, PROGRAMAS, PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

3.1. Actuacións:

Entre as actuacións, medidas ou programas que hai que desenvolver para favorecer a convivencia destacamos as recollidas no artigo 15 do Decreto 8/2015, concretamente:

A nivel organizativo: o centro seguirá as normas de este plan na organización dos espazos, dos tempos e normas para garantir a prevención, detección e o tratamento das situacións que leven a unha convivencia escolar satisfactoria.

A nivel curricular: formarán parte do currículo de cada asignatura a difusión, formación e posta en práctica das normas de convivencia, facendo especial fincapé na prevención do acoso escolar e a violencia de xénero.

A nivel de coordinación de centro: A dirección e o profesorado comunicaranse dunha maneira aberta e continua, establecendo, sempre que sexa necesario, unha reunión informativa do claustro todos os luns as 16 horas.

A nivel de aula: As persoas titoras estarán en permanente contacto co profesorado especialista e o Equipo Directivo para tratar os problemas xurdidos no día a día, dunha maneira inmediata. Asimesmo farán un seguemento constante de cada alumno, de modo individual e na relación entre todo o grupo.

A nivel de participación de toda a comunidade educativa: O proceso formativo susténtase nunha estreita colaboración entre escola e familia sen a que resulta difícil e en ocasións inútil o esforzo educativo. Consideramos necesarias as seguintes propostas de cooperación, a ter en conta polas familias:

- Dar modelos positivos e intentar resolver os conflitos sen aceptar a violencia.
- Exercer a autoridade que lles corresponde no proceso de educación e formación dos seus fillos/as.
- Cooperar co centro en casos de indisciplina, agresividade, etc.
- Colaborar co centro no proceso de ensino aprendizaxe e de integración escolar.
- Non desautorizar ao profesorado diante dos fillos/as.
- Fomentar nos seus fillos/as a construción de valores como o esforzo persoal, a constancia, a autonomía, o respecto e tolerancia cara aos demais.
- Coidar o crecemento emocional, ensinándolles a poñerse no lugar do outro e a controlarse emocionalmente.
- Impedir que os fillos/as accedan a contidos da TV, videoxogos ou Internet inadecuados á súa idade, ofrecéndolles alternativas.
- Evitar a sobreprotección dos seus fillos/as.
- Revalorizar o centro escolar como un espazo de ensino e de formación.



O profesorado estará a disposición de pais, nais, titoras ou titores dos nenos (**exclusivamente e previa cita**), os luns de 17 a 18 horas. Ademáis, manterá as reunións preceptivas que establece a normativa vixente. Segundo se indique na Programación Xeral Anual, participará nos eventos, saídas, visitas e charlas organizadas polo Concello e coordinados polo Equipo de Actividades Extraescolares.

A comunidade educativa poderá estar invitada a participar nalgunhas festas do centro, como o antroido, magosto e outras que se determinen.

A nivel de prevención de condutas contrarias as normas de convivencia: Ademáis do conxunto de todas as actuacións anteriormente citadas realizaranse as seguintes accións:

- Circular informativa ao inicio de cada curso. A dirección do centro remitirá ás familias unha circular informativa lembrando as principais normas de organización e funcionamento do centro. Unha copia das normas estará dispoñible a través da web do centro.
- Reunións informativas titores-familias. Realizaranse reunións cás familias ao principio de cada curso cas persoas titoras, nas que se proporcionará información básica sobre este Plan de Convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.

A nivel formativo: establecerase unha formación continua en todos os ámbitos escolares, aulas, recreos, festas, saídas etc...

O alumnado recibirá charlas sobre convivencia, igualdade, acoso, en colaboración co Concello e a Guardia Civil (a través do Plan Director), etc.

Outras actuacións preventivas:

Actividades de acollida dentro da aula, para o alumnado que se matricule por primeira vez no centro, favorecendo as persoas titoras e profesorado especialista, a súa incorporación, facilitandolle as normas do centro e procurando a súa integración cos demais compañeiros.

Sensibilizar a todo o alumnado fronte aos casos de acoso, igualdade e violencia de xénero, discriminación por raza, sexo, procedencia ou condición social.

Terase moi en conta o Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

3.2. Medidas

Quedan establecidas, no caso de acoso escolar, no anexo “Protocolo e tratamento do acoso escolar e ciberacoso”.

No caso da prevención, detección, mediación e resolución de conflitos, quedan establecidas as normas de funcionamento e convivencia (NOF) do centro desenvolvidas neste plan.

O Departamento de Orientación elaborará un programa que contribúa a adquisición de habilidades e competencias sociais, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias a convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Tamén, para o alumnado anteriormente citado que pola imposición de medidas correctoras estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, elaborará e desenvolverá un programa coordinadamente ca persoa titora ca implicación do resto da comunidade educativa.



3.3. Programas

O centro seguirá os programas e proxectos que a Consellería de Educación realice para a mellora da convivencia escolar e favorecerá a súa difusión á comunidade educativa.

4. PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DAS SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR

A comunidade educativa estará atenta ante os posibles casos de acoso escolar nas súas diferentes variantes. As pautas a seguir recóllese no anexo “Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso”.

5. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

Este apartado contén as normas de convivencia, así como as outras normas sobre organización e participación na vida do centro para un desenvolvemento harmónico de toda a comunidade educativa.

O citado documento, contén, entre outras, as seguintes precisións:

- A organización práctica da participación de todos os membros da comunidade educativa.
- As normas de convivencia que favorezan as relacións entre os diferentes membros da comunidade educativa e entre os diferentes órganos de goberno e coordinación didáctica.
- A organización e reparto de responsabilidades non definidas pola normativa vixente.
- A organización dos espazos do centro.
- O funcionamento dos servizos educativos.
- As normas para o uso das instalacións, recursos e servizos educativos do centro.
- Os mecanismos necesarios para posibles modificacións.

A serie de normas e pautas de conduta que figuran no presente documento servirán como guía da convivencia no Centro para todos os membros da Comunidade Escolar, que quedan obrigados a cumprilas e facer cumprilas, e serán indispensables para que a actividade educativa poida desenvolverse con normalidade e eficacia.

As normas de organización e funcionamento son principios mínimos, encamiñados a favorecer a convivencia que, sen menoscabo dos dereitos e liberdades individuais, garanten o interese da comunidade.

Será principio fundamental o mantemento do mutuo respecto que nos debemos todos os integrantes desta Comunidade Escolar.

Todas as actividades estarán baseadas no respecto ás liberdades e aos principios democráticos.

6.1. A comunidade educativa

6.1.1 Claustro de Profesorado

O Claustro é o órgano propio de participación do profesorado no goberno do centro e ten a reponsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.



6.1.1.1 Dereitos e deberes do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos :

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.
- g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

6.1.1.2 Son deberes do profesorado:

- a) Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

6.1.1.3 Funcións

O claustro, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 129 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións:

- a) Realizar propostas para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- b) Participar na avaliación anual da convivencia no centro, incidindo especialmente no desenvolvemento do plan de convivencia.
- c) Propor actuacións de carácter educativo, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.



6.1.2 O Equipo Directivo

A normativa referida ao Equipo Directivo recóllese no capítulo IV, artigos 131 ao 139 da Lei Orgánica de Educación. No artigo 132 enuméranse as competencias do director. No decreto 7/1999 do 7 de xaneiro aparecen reflectidas no capítulo II nos artigos 27 ao 35 as competencias de todos os membros do Equipo Directivo.

1. Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Elaborar, de ser o caso, o plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da comisión de convivencia, mentres esta non estea constituída.
- b) Impulsar as actividades previstas no plan de convivencia, así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

2. A dirección, ademais das que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Garantir as condicións para que exista no centro un adecuado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

De conformidade co artigo 132.f) da Lei orgánica 2/2006, correspóndelle á dirección a imposición das medidas correctoras, sen prexuízo do establecido no artigo 44 deste decreto, consonte o artigo 26 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.

3. Á xefatura de estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:

- a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.
- b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.
- c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.
- d) Organizar a atención educativa do alumnado a que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.

A xefatura de estudos coordinará as gardas da aula inclusiva.

6.1.3 Órganos de coordinación docente

Son: Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipos de nivel, Dinamización Lingüística, Dinamización das TIC, Biblioteca Escolar, Convivencia Escolar. Reuniranse cando menos unha vez ao mes en horario non lectivo. As funcións e composición están establecidas na normativa vixente.

6.1.4 Equipo de actividades complementarias e extraescolares.

Terá un coordinador nomeado polo director e estará integrado polos responsables de ciclo ou nivel que se reunirán, para organizar as actividades correspondentes, as veces que o propio equipo considere necesarias.

Para as actividades a realizar fóra do centro que figuren na Programación Xeral Anual requirirase unha única autorización escrita dos pais dos alumnos. Para ditas actividades haberá profesorado de apoio cando sexa necesario, especialmente por razóns de exceso de ratio, problemas de conducta ou alerta escolar.



As persoas titoras son os responsables das actividades nas que participen o alumnado da súa titoría; de non facerse cargo dalgunha delas deberase comunicar no Claustro de organización do Centro do mes de setembro e decidirse no Claustro qué facer con esa titoría. En caso de imprevisto ou enfermidade, consultarase ao profesorado se voluntariamente quere acompañar ao grupo afectado.

Cando as saídas organizadas supoñan un coste a engadir ao do transporte (por entradas, etc) o equipo directivo determinará, se é o caso, a contía da aportación das familias.

6.1.5 Departamento de Orientación

O Departamento de Orientación está regulado polo decreto 120/1998 do 23 de abril (DOG do 27) e a Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31).

1. Os órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro.
2. En todo caso, as medidas e os acordos do punto anterior serán recollidos pola comisión de coordinación pedagóxica (CCP) e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a coherencia destes co proxecto educativo do centro e a programación xeral anual.

6.1.6 Alumnado

6.1.6.1 Dereitos e deberes do alumnado.

1. Recoñécenselle ao alumnado os seguintes **dereitos** básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 - a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
 - b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
 - c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
 - d) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
 - e) A elixir a propia imaxe, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio.
2. Son **deberes** básicos de convivencia do alumnado:
 - a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
 - b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
 - c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.



- d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- f) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- g) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

6.1.6.2 Criterios de adscripción do alumnado

En caso de desdobre nalgún nivel, como norma xeral usarase o criterio da orde alfabética, procurando unha distribución dos nenos e nenas o máis equitativa posible. Serán excepción á norma anterior o alumnado con necesidades educativas especiais, repetidores e de nova incorporación. Estes casos serán estudados, con criterios de equidade, pola CCP. En caso de urxencia serán a Xefatura de Estudos e o Departamento de Orientación quen decidan sobre este aspecto, comunicándolle ás persoas afectadas, atendendo aos criterios citados.

6.1.7 Pais e Nais

6.1.7.1 Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores:

1. As nais e pais ou as titoras ou titores, en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, son titulares dos seguintes dereitos de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:
 - a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
 - b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
 - c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
 - d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
 - e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

2. Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, teñen os seguintes deberes:
 - a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
 - b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
 - c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
 - d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

6.1.8 O consello escolar

O Consello Escolar é o órgano de participación dos diferentes membros da Comunidade Educativa do Centro. A súa misión é asumir a responsabilidade máxima colexiada do



funcionamento da entidade escolar, acadando a participación de todos cantos estean afectados pola marcha da mesma. Está formado polo director, que é o seu presidente; a xefa de estudos; o secretario, con voz pero sen voto; cinco representates do profesorado; cinco representantes das nais e pais do alumnado, no que se inclúe un representante da ANPA; un representante municipal e un membro do persoal de servizos.

No seu seo funcionarán a Comisión Económica e a Comisión de Convivencia.

O consello escolar do centro educativo, ademais das que lle atribúe o artigo 127 da Lei orgánica 2/2006 e o artigo 57 da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación, terá as seguintes funcións:

- a) Elixir as persoas representantes da comisión de convivencia.
- b) Establecer directrices para a elaboración do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- c) Realizar anualmente o seguimento e a avaliación do plan de convivencia e das normas de convivencia do centro.
- d) Propor actuacións en relación coa convivencia para todos os sectores da comunidade educativa, especialmente as relacionadas coa resolución pacífica de conflitos.

6.1.9 A comisión de convivencia

1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

- a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.



- c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.
- e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflectan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.
- i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5. Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento do departamento de orientación, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

6.1.10 Persoal de administración e servizos

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

- a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.
- e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos na lei.

2. Son **deberes** do persoal de administración e de servizos:

- a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.



d) **Gardar sigilo e confidencialidade** respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

6.2 Organización de espazos

6.2.1 Aulas e espazos de ámbito escolar

Os espazos docentes e de ámbito escolar estarán distribuídos segundo criterios de eficiencia pola Dirección do Centro. As posibles modificacións ou alteracións no seu funcionamento ou uso serán consensuadas, sempre tendo en conta a normativa vixente.

6.2.2 Utilización das dependencias do centro en horario non lectivo:

Para a utilización das instalacións do centro, seguirase o indicado na lexislación vixente. O Consello Escolar delega no Director a concesión ou non do uso das instalacións do centro a todos os membros e asociacións que forman parte da comunidade escolar, incluído o Concello. Calquera uso non autorizado expresamente, non estará permitido.

6.3 Organización dos tempos

6.3.1 Madrugadores

En aras da conciliación laboral e familiar, establécese a posibilidade de asistencia ao centro durante un tempo previo ao horario lectivo, en horario de 7,30 a 9,00 horas. A organización de este programa de madrugadores, así como a custodia do alumnado participante, correspóndelle á ANPA.

6.3.2 Entradas, saídas e retirada do alumnado.

A Consellería de Educación, na Orde do 23 de xuño de 2011 (DOG nº 125), estableceu un novo horario do profesorado de Educación Infantil e Primaria. Esta Orde, no seu artigo 2, dispón que se farán gardas para custodiar ao alumnado transportado, a razón dun mestre por cada 50 alumnos. En aplicación da mesma, o Consello Escolar aprobou as seguintes normas:

6.3.2.1 Entradas

- O portalón exterior abrírase ás 8:55 horas, aproximadamente.
- O alumnado de transporte escolar entrará polo pavillón de deportes.
- Haberá profesorado de garda encargado da vixilancia de dito alumnado.
- O alumnado entrará con orde e situarase en ringleiras na zona delimitada.
- Ás 9:05 horas pecharase a porta. O operario municipal controlará os accesos. Non se abrirá a porta despois de dita hora coas excepcións que se indican máis abaixo.

6.3.2.2 Saídas

- A saída do alumnado de Educación Infantil realizarase de forma gradual a partir das 13:50 horas, co fin de facilitar a entrega ás persoas responsables.
- O alumnado de transporte escolar sairá da clase dous ou tres minutos antes das hora. Será recollido pola persoa monitora acompañante e polo/a profesor/a de garda.
- O resto do alumnado sairá ás 14:00 horas.
- Unha vez rematado o horario lectivo, se as persoas responsables (pai, nai ou autorizados) non tivesen recollido aos alumnos, a persoa titora procederá á chamalas por teléfono, estando presente tamén o equipo directivo. No caso de non poder ser localizadas, pasado un tempo prudencial, o alumno quedará no comedor do Centro,



correspondéndolle posteriormente á familia responsable o abono da cantidade correspondente a ese día.

- Nos casos reiterados seguirase o protocolo de absentismo escolar.

Por cuestións organizativas e de seguridade, durante o horario lectivo non está permitido que os pais e nais acompañen aos nenos dentro do colexio, salvo permiso expreso do mestre/a correspondente ou da dirección do centro.

6.3.2.3 Retirada de alumnado

- Durante a xornada escolar o alumnado só poderá abandonar o centro cun motivo xustificando e acompañado polo seu pai/nai/titor ou persoa autorizada. Para iso precisa do consentimento da persoa titora ou, na súa ausencia, da dirección do centro, debendo deixar constancia no libro de incidencias na Conserxería. O horario previsto para atrasos na entrada ou retirada anticipada de alumnado é de 10:40 a 11:00 horas.

- Non obstante, atendendo a facilitar a conciliación familiar e laboral, o alumnado que necesite realizar visitas médicas poderá acceder fóra dese horario, sempre que aporte o xustificante correspondente. A entrega ou recollida farase na Conserxaría, deixando constancia no libro de incidencias.

- O profesorado de garda estará no patio uns minutos antes de que soe o aviso de entrada para organizar as ringleiras do alumnado.

- O alumnado accederá ás aulas dun xeito ordenado, sen deterse no recorrido e sen permanecer nos corredores. O profesorado de garda vixiará as subidas do alumnado ás aulas. No caso de que un alumno necesite usar o ascensor, sempre debe ir acompañado dun adulto.

- Permanecerase dentro da aula nos intercambios de clase. O alumnado empregará o tempo, no seu caso, para preparar o material da seguinte clase, sen abandonar o seu sitio ata a chegada do novo profesor.

- No recreo e na hora da saída, o alumnado realizará a baixada ordenadamente, acompañado ata o patio polo profesor que estivese nese momento na aula. Se algún alumno quixera esperar por algún compañeiro, deberá facelo no patio do colexio.

6.3.3 Recreos

Durante o tempo de permanencia do alumnado no patio/recreo observaranse as seguintes normas:

- As aulas, nas horas do recreo, estarán sen ningún alumno, excepto se están acompañados dalgún profesor.
- O alumnado non accederá ás aulas durante o tempo do recreo.
- De xurdir calquera problema, poñerase en coñecemento do profesorado de garda.
- Os alumnos acudirán inmediatamente á chamada de calquera profesor e respectarán as súas indicacións.
- As papeleiras hai que usalas debidamente, procurando deixar o patio limpo.

Utilizarase o balón nas zonas designadas para tal uso: xogarase ao fútbol exclusivamente na pista posterior e no pavillón, segundo quendas, e ao brilé nas zonas habilitadas.

- Comerase a merenda antes de entrar na biblioteca ou no pavillón.
- Non se permitirán xogos violentos ou perigosos (os alumnos maiores terán coidado de non magoar aos pequenos, isto é máis importante que o propio xogo: se é necesario cambiarán de lugar ou deixarán de xogar).



- Respetaranse as zonas de patio establecidas para cada curso. Hai sete zonas habilitadas: patio de infantil, pista posterior, entrada, pavillón, biblioteca, xogos cooperativos e pimpón.
- Os días de chuvia o alumnado de E. Infantil, 1º e 2º de primaria irá ao pavillón. Os baños do pavillón non se poderán usar durante este tempo por dificultades á hora de realizar a limpeza. O resto do alumnado permanecerá no patio cuberto.
- Nos días nos que non se poda saír ao patio (alerta metereolóxica) cada titor permanecerá na súa aula, co alumnado, co apoio dos especialistas.

6.3.4 Aseo e hixiene

Os membros da Comunidade Escolar deben manter un correcto aseo e hixiene: recoméndase a ducha, o cepillado dos dentes e o cambio de roupa interior diarios, así como a revisión periódica do pelo para detección de posibles casos de pediculose.

Despois das clases de E. Física será obrigado o aseo persoal (alumnado de 1º a 6º curso).

O profesorado non se encargará de cambiar aos nenos que non controlen esfínteres ou que nun momento dado presenten problemas deste tipo. Chamarase ás familias para que o fagan.

Non está permitido o uso de cueiros en E. Infantil, quitando razóns médicas debidamente xustificadas.

6.3.5 Edificio, instalacións e material escolares

Os nenos e nenas deben ser os primeiros interesados na boa conservación e na limpeza do colexio o que, por outra parte, é unha obriga:

- Respetaranse as instalacións do Centro e o material tanto do profesorado como do alumnado.
- Procurarase manter limpo o Centro e ordenadas as aulas.
- As instalacións de uso común (ascensores, portas de acceso, etc) deben estar libres de obxectos que obstaculicen o normal funcionamento do Centro.
- No caso das celebracións (Magosto, Antroido, etc.) acordaranse antes das mesmas as normas a seguir en relación coa limpeza, a orde e actuación.
- Os servizos non son lugares de reunión nin xogo. O alumnado non pode ir ao servizo entre as clases ou durante as mesmas, agás con permiso do profesorado.
- Deben utilizarse axeitadamente os servizos, non botando neles materiais que os atasquen.
- Todos o alumnado deberá coidar da hixiene e limpeza do local, avisando de deterioros.
- Ás entradas, á volta do recreo e durante as saídas ninguén irá aos servizos das plantas. Na hora do recreo utilizaranse os servizos da planta baixa.

6.3.6 Uso das telecomunicacións

- Está prohibido o uso de móbiles, cámaras, videoxogos e calquera outro aparello electrónico por parte do alumnado dentro do Centro durante o horario escolar (o que inclúe os servizos complementarios).
- Non obstante o anteriormente exposto, excepcionalmente poderá autorizarse o seu uso por motivos pedagóxicos.

6.3.7 Servizos complementarios

6.3.7.1 Transporte escolar



O transporte escolar non poderá deixar ao alumnado no Centro antes das 8:50 horas. Os alumnos que teñan dereito ao transporte escolar deberán cumprir nel as mesmas normas que no Centro. Ademais deberán:

- Ir directamente do autobús ao Centro e viceversa.
- Obedecer ao acompañante escolar.
- Subir e baixar do autobús na parada correspondente.

O non cumprimento das normas do transporte acarreará a perda deste servizo.

6.3.7.2 Comedor escolar e Madrugadores

- O servizo estará a cargo dun concesionario, xestionado pola ANPA e supervisado polo Consello Escolar.
- O comedor escolar ten un labor social (fomentar a conciliación familiar e laboral) e educativo (promover a convivencia, a alimentación sa e os hábitos hixiénicos).
- É un servizo aberto a todo o alumnado do Centro, previa solicitude segundo as normas que establezan os responsables do mesmo.
- No comedor débense respectar as mesmas normas que no horario lectivo, ademais das propias deste servizo, sendo os monitores os responsables deste servizo.
- Solicitar o servizo de comedor implica a aceptación das normas do mesmo.

6.3.8 Biblioteca

A biblioteca terá unha organización e funcionamento propios e non poderá usarse como lugar para sancionar ao alumnado. O responsable da biblioteca será designado pola dirección por dous anos e terá tres horas de coordinación dentro do horario lectivo, agás que participe no Plan de Bibliotecas Escolares, en cuxo caso terá a asignación horaria que se determine na convocatoria.

6.3.8.1 Persoal colaborador

A biblioteca escolar funciona cun equipo de profesores e escolares voluntarios, preferiblemente un profesor de cada curso, para favorecer a transmisión de información.

O equipo de profesores reunirse mensualmente. Terá unha hora de coordinación e as seguintes funcións:

- Colaborar na organización das actividades que contribúan á dinamización da Biblioteca.
- Contribuir a manter a orde nos estantes e realizar expurgos cando se considere oportuno.
- Colaborar na selección do material a adquirir.

O equipo de escolares estará formado por alumnos de 5º e 6º, repartidos en grupos de dous por día, acompañados nas quendas de recreo polo profesor de garda, que sempre será un membro do equipo de biblioteca.

As súas funcións serán:

- Préstamo directo aos compañeiros.
- Controlar as devolucións.
- Colocar correctamente os libros devoltos.
- Colaborar no selado e forrado dos libros.
- Coidar da orde nos andeis.
- Comunicar á persoa coordinadora calquera deficiencia ou dificultade atopada no desempeño do seu labor.



Se nalgún momento alguén quixera deixar de colaborar, buscará entre os seus compañeiros e compañeiras de aula a algún que queira tomar o seu posto e comunicarllo ao profesor responsable.

6.3.8.2 Usuarios

- Todos os escolares poderán acudir á biblioteca durante o recreo para ler, consultar libros/internet e levar ou devolver libros en préstamo. Tamén poderán ir acompañados do titor no horario que se estableza a principio de curso.
- Para estar na biblioteca teranse que repectar as normas que rexen nela:
- A Biblioteca é un lugar de traballo, lectura e consulta. Débese gardar silencio ou falar en voz moi baixa para non molestar. No caso contrario perderase o dereito a estar nela.
- Non está permitido comer dentro.
- O material usado debe coidarse e deixarse no moble que hai para tal fin (sen colocar nos andeis).
- Da biblioteca pódese marchar antes de que acabe o recreo directamente ao patio, sempre con orde e en silencio.

6.3.8.3 Préstamos

6.8.3.1 Préstamos individuais

- Cada alumno e profesor dispón dun carné de usuario da Biblioteca, sen o cal non poderá retirar material dela, aínda que si devolver dito material.
- Ningún usuario (mestre ou alumno) pode retirar material da Biblioteca sen anotarse na base de datos, xa que este é o único xeito de ter localizados os fondos de que se dispón.
- Unha vez collido, o préstamo colócase nun carriño que hai na Biblioteca para tal fin. Dez minutos antes de rematar o recreo, os encargados distribuirán os libros e demais material polas aulas.
- Poderanse levar para a casa libros, videos e DVDs por un prazo máximo de quince días, pasados os cales, se non se rematou de usar o préstamo, este debe renovarse.
- Os libros de consulta usaranse na Biblioteca co obxecto de que estean dispoñibles para quen os necesite.
- Se non se devolve o libro no último día previsto o Equipo de biblioteca dará un aviso para que se faga no seguinte día lectivo; de non facerse o Equipo poñerase en contacto ca persoa titora e, de ser necesario, coa familia.
- No caso de que un libro se perda ou deterioro deberá ser substituído por outro de características similares. Caso de non facelo, o usuario quedará excluído do uso da biblioteca.

6.8.3.2 Préstamos para profesorado e aulas

- O profesorado pode retirar da Biblioteca lotes de libros de lectura destinados á biblioteca de aula o tempo que consideren oportuno.
- Os libros de consulta utilizaranse preferentemente na Biblioteca e só excepcionalmente se levarán á aula, devolvéndoo a maior brevidade posible por se outra persoa quere usalos.
- En calquera dos dous casos han de anotarse na base de datos.

6.3.9 Actividades extraescolares

Desenvolvense en horario de 16 a 18 horas, correspondéndolle a súa organización e desenvolvemento ao Concello. Durante ese periodo, no centro permanecerán o conserxe e dous profesores de garda.



6.3.10 Accidentes escolares e urxencias sanitarias

En caso de accidente escolar, seguirase o protocolo (Anexo Urxencias sanitarias e enfermidade crónica). Resumidamente:

- Se se considera que a lesión é leve, caso de que non se poida atender no Colexio, avisarase á familia para que traslade o alumno ao Centro Médico.
- Se se considera que a lesión é grave, avisarase ao 112 e chamarase á familia.
- Nos casos de alerta escolar seguiranse as instrucións establecidas no protocolo.
- Non se suministrará medicación ao alumnado, agás nos casos de alerta escolar.
- No caso de alumnado que padeceu unha enfermidade especialmente contaxiosa, a familia deberá traer un informe médico indicando que non hai perigo de contaxio.

6.4 Asistencia e absentismo escolar

6.4.1 Asistencia.

A obrigatoriedade do ensino é un dos piares básicos de todo sistema educativo que busque asegurar o principio de igualdade de oportunidades. A Constitución española de 1978 establece no seu artigo 27.4 que a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece no seu artigo 4 que “a ensinanza básica é obrigatoria e gratuíta para todas as persoas”, así como que a ensinanza básica comprende dez anos de escolaridade e se desenvolve, de forma regular, entre os seis e os dezaseis anos de idade. Nesta mesma norma, na disposición final primeira, na parte na que aparecen recollidos os deberes dos alumnos, queda reflectido o deber de “asistir a clase con puntualidade”. Respecto aos pais, nais e titores, queda establecido o deber de “adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente no caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos, cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente ás aulas”.

Tal como establece o artigo 13.2 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, “calquera persoa ou autoridade que teña coñecemento de que un menor non está escolarizado ou non asiste ao centro escolar de forma habitual e sen xustificación, durante o período obrigatorio, deberá poñelo en coñecemento das autoridades públicas competentes, (concellos, organismos locais e servizos de protección do menor das comunidades autónomas).

A normativa, entre outra, que fai referencia a este tema é a seguinte:

- Artigos 21, 22, 23, e 24 do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Artigos 39, 41, 42 e 47 da Lei 3/2011, do 30 de xuño de apoio ás familias e á convivencia.
- Artigos 6, 7 e 16 da Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Artigos 11, 35 e 44 do Real Decreto 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.
- **Protocolo Educativo para a Prevención e Control do Absentismo Escolar en Galicia.**



6.4.2 Absentismo escolar

Podemos definir absentismo escolar como a falta de asistencia dun alumno/a ao seu posto escolar, sen causa xustificada durante a idade de escolarización, practicada habitualmente. Existe un protocolo de absentismo publicado pola Consellería de obrigado cumprimento. En función de dito protocolo, todas as faltas de asistencia deberán xustificarse por escrito, iniciándose o protocolo segundo o número de faltas.

As faltas por vacacións, viaxes, etc, non se consideran xustificadas e deben seguir o mesmo proceso ao fin de garantir os dereitos dos alumnos en canto a súa escolarización.

A finalidade das actuacións que se levan a cabo no centro, desde as preventivas ás de intervención e seguimento son para garantir o dereito á educación e favorecer a continuidade do proceso educativo do alumnado, así como asegurar a asistencia regular ao centro na etapa de escolarización obrigatoria e, polo seu carácter preventivo, na educación infantil.

6.4.2.1 Protocolo de actuacións

6.4.2.1.1 Actuacións de prevención:

Familias:

- Informar aos alumnos e ás súas familias sobre a obrigatoriedade do cumprimento do dereito á educación e da existencia do Protocolo de Absentismo Escolar.
- Responsabilizar ás familias na parte correspondente á educación dos seus fillos.
- Informar das Normas de Organización e Funcionamento do Centro (NOF).
- Promover a puntualidade en todas as actividades do centro.

6.4.2.1.2 Actuacións de detección:

Profesorado Titor:

- Seguimento da asistencia continuada do alumnado.
- Comunicación cos pais/nais/titores legais informando das ausencias e requirimento directo da xustificación escrita das faltas de asistencia ao centro para tratar de reconducir a situación.
- O cómputo das faltas realizarase de acordo ao procedemento descrito no protocolo.
- Comunicación das faltas do alumnado á Xefatura de Estudos.

Equipo Directivo:

- Recepción e seguimento dos partes de faltas, ao obxecto da súa valoración, posible intervención e explicitación das medidas a adoptar, coa participación do Departamento de Orientación de ser necesaria.

6.4.2.1.3 Actuacións de intervención:

O profesorado titor é o responsable de efectuar as primeiras actuacións coas familias do alumnado, segundo se describe no protocolo. Todas as actuacións serán comunicadas á Xefatura de Estudos, para o seu seguimento.



7. CONDUCTAS PREXUDICIAIS PARA AS NORMAS DE CONVIVENCIA

7.1 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 desta lei.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 desta lei cando se é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

7.2 Condutas leves contrarias á convivencia

Considéranse condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, injuria ou ofensa na alínea a), os actos os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo anterior que non alcancen a gravidade requirida no devandito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo anterior.



- c) A inasistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro docente.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

O procedemento sancionador recollese no anexo Procedemento Corrector, publicado pola Xunta de Galicia.

7.3 Aula de convivencia inclusiva

Ubicada na titoría do segundo andar, a súa utilización será de carácter excepcional.

Crease para substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivera temporalmente privado do seu dereito a asistencia no centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación a súa propia aula no menor tempo posible.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica, establecerá os criterios de atención do alumnado.

As medidas propostas serán elaboradas pola persoa titora, o profesorado especialista que atenda ao alumno, xunto co Departamento de Orientación. Dentro das medidas, estarán as seguintes:

- Realización de traballos encamiñados a non perder o ritmo da aula.
- Actividades concretas que favorezan un proceso de reflexión.
- Actuacións para favorecer actitudes e condutas responsables positivas para a convivencia.

A Dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno sexa atendido na aula de convivencia inclusiva, garantindo o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras.

A Xefatura de Estudos coordinará as gardas do profesorado na aula inclusiva.

7.4 Programa de mediación

O artigo 10 da Lei 4/2011 indica que no plan de convivencia se integrará a mediación na xestión dos conflitos. Ademais, o artigo 8.1.g) desta mesma lei indica como un dereito do profesorado o de acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

No artigo 26 do Decreto 8/2015 defínese a mediación como unha “*estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos, na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas*”. Así mesmo, potencia a utilización da mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa, con independencia dos procedementos correctores das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.

Cabe destacar que a mediación non substitúe o conxunto de normas que elabora un centro escolar a través do seu plan de convivencia, pero si é un método construtivo para a resolución pacífica de conflitos, especialmente nos seguintes casos:

- Como unha medida previa naqueles conflitos para os que as normas de convivencia no centro educativo prevexan algún tipo de sanción.



- Como unha medida para a resolución daqueles conflitos nos que non se produce unha transgresión a ningunha norma de convivencia do centro, pero nos que a mediación ofrece a posibilidade de abordalos de forma pacífica e dialogada.
- Como unha medida posterior, reparadora, nos que un conflito de convivencia se presente como unha oportunidade de reconstrución, reconciliación e resolución.

7.4.1 Selección das persoas mediadoras

Unha das funcións que a comisión de convivencia exerce por delegación do consello escolar é a de *“Propoñerlle, de ser o caso, ao director do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación”*.

Dentro das funcións do equipo directivo está a de *“garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas disciplinarias e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen no decreto”*. Tamén, nas funcións da xefatura de estudos, a de *“promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro”*.

Polo tanto, cada inicio de curso estableceranse ditas persoas nas reunións preceptivas, tanto da Comisión de Convivencia como do Consello Escolar, do que se informará ao Claustro.

7.4.2 Características da mediación escolar

- Voluntariedade
 - A mediación non pode impoñerse, acódesse a ela voluntariamente, tanto para as partes implicadas no conflito, como para a persoa mediadora. Estas acóllense libremente á elección ou non da mediación, e poden renunciar a ela en calquera momento do proceso.
 - A mediación é un proceso de comunicación en liberdade ante unha terceira persoa, que realiza o papel de mediador ou mediadora, e que garantirá que as partes se comuniquen desde o respecto e busquen as solucións aos seus conflitos.
- Imparcialidade ou neutralidade da persoa mediadora
 - A persoa mediadora non é a responsable da resolución, senón que dinamiza o proceso, axuda as partes en conflito para que busquen, atopen e adopten unha solución positiva para ambas.
 - A persoa mediadora non xulga nin arbitra, marca as regras do xogo e emprega técnicas que axuden a que as diferentes partes en conflito verbalicen os seus problemas, sentimentos, emocións, posicións, intereses e necesidades, e que pacten unha solución e se comprometan a respectala. Para isto deberá controlar minuciosamente o cumprimento das normas no proceso, pero nunca alteralo.
 - Son facilitadoras do diálogo, de restablecer o proceso de comunicación e de conseguir o acordo entre as partes.
- Compromiso
 - As persoas mediadoras son responsables da transformación do seu conflito. O acordo a través do cal se resolva depende exclusivamente da vontade das partes. Á mediación pode acudir o alumnado, o profesorado, o persoal non docente do centro e as familias do alumnado, é dicir, toda a comunidade educativa.
- Confidencialidade
 - As persoas implicadas quedan obrigadas a non revelar a información que se obteña. Todo o que ocorra durante o proceso de mediación e o que alí se diga será confidencial.



En todo caso, de implantarse no centro a mediación escolar entre o alumnado requirirá un proxecto específico no que se deberán ter en conta as seguintes cuestións:

- Os equipos de mediación estaran formados por alumnos de 5º e 6º cursos de primaria de xeito que se facilite a formación e continuidade en cursos sucesivos.
- A participación nos equipos de mediación terá carácter voluntario e requirirá unha formación específica previa.
- Solo se derivará un conflito cara a mediación se as partes así o deciden.

As actuacións e o seu seguimento realizarase a través do Departamento de Orientación.

8. NORMAS ESPECÍFICAS DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

A comisión de convivencia estará formada por todos os membros do Consello Escolar, presidida pola persoa titular da dirección. Unha persoa integrante da comisión actuará de secretario e levantará acta das reunións, a proposta de dita secretaría corresponderalle a dirección.

- Manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario, cantas veces sexa convocada pola súa presidencia.
- Deixará constancia, cando menos dúas veces no curso, das actuacións desenvolvidas e das medidas disciplinarias impostas e/ou da aula inclusiva.
- Actuará nos casos concretos, adoptando medidas preventivas, propondrá resolución pacífica dos conflitos, correccións e medidas disciplinarias.
- Propondralle á persoa titular da dirección do centro as persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Fará o seguimento do cumprimento efectivo das medidas disciplinares impostas, correctoras e o cumprimento xeral das normas.
- Poderá solicitar asesoramento sobre as súas competencias a profesionais da comunidade educativa, concello, asociacións etc.
- Elaborará a memoria anual da convivencia do centro.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS.

Os mecanismos de coordinación e colaboración interna do centro están especificados no punto “4” deste plan.

10. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.

A comisión de convivencia, co apoio do resto da comunidade educativa, fará un seguimento continuo do alumnado e dos mecanismos de coordinación establecidos, detectando dunha maneira dinámica e rápida os problemas que poidan xurdir para afrontalos e propondrá solucións de xeito inmediato.

A parte das detectadas na acción tutorial e de coordinación entre o profesorado, calquera circunstancia que fose obxecto do previsto neste plan deberá ser tratada nas reunións fixadas entre os distintos sectores da comunidade educativa. As distintas problemáticas que poidan



xurdir debatiranse para o seu tratamento nos órganos de coordinación docente, onde se realizarán todo tipo de propostas de mellora, ao ser este un plan aberto, continuo e dinámico.

A Comisión de Convivencia elaborará ao rematar cada curso a correspondente memoria do Plan de Convivencia do centro, de acordo cos datos e cas conclusións extraídas do proceso de seguimento e avaliación e coas propostas de mellora que se consideren necesarias. O Consello Escolar en pleno, por proposta da súa Comisión de Convivencia, aprobará a memoria do Plan de Convivencia elaborada por esta. Dita memoria formará parte da memoria anual do centro.

11. DIFUSIÓN Á COMUNIDADE

A elaboración deste plan ten como obxectivo principal un axeitada convivencia de toda a comunidade educativa do centro. Polo tanto farase chegar a:

- O Consello Escolar así como aos novos membros que paulativamente se incorporen a este.
- Claustro de Profesorado: será informado do plan, así como ás posibles incorporacións docentes, do plan e estará a súa disposición para o seu coñecemento e posibles aportacións.
- Alumnado: será informado da existencia deste plan de maneira continua por parte de todo o profesorado.
- Persoal non docente: será informado do plan e facilitarase a súa lectura e consulta.
- Familias e comunidade educativa en xeral: ao inicio do curso informarase ás familias mediante circular da existencia do plan. Ademais estará dispoñible para todos na Secretaría do centro, así como na web www.edu.xunta.es/centros/ceipsanxoseobreiro.

12. ANEXOS

- Protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.
- Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Procedemento corrector das condutas contrarias á convivencia

Ditos protocolos atópanse dispoñibles na web da Consellería de Cultura e Educación, no enderezo www.edu.xunta.es

Meicende, marzo de 2017

Dpto. de Orientación

A Dirección